

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Orde do 10 de febreiro de 2009 sobre os libros-rexistro e o deber de información das/os mediadoras/es de seguros e reaseguros privados da Comunidade Autónoma de Galicia.*

A Lei orgánica 6/1999, do 6 de abril, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia, establece que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia de desenvolvemento lexislativo e execución en materia de ordenación do crédito, banca e seguros. En aplicación da citada lei orgánica, polo Real decreto 1748/1999, do 19 de novembro, transferíronse á comunidade autónoma as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de mediadores de seguros. No exercicio das referidas competencias publicouse o Decreto 118/2001, do 10 de maio, polo que se regulan as competencias da comunidade autónoma en materia de mediación en seguros privados e, posteriormente, a Orde do 17 de xuño de 2005 sobre os libros-rexistro e o deber de información estatístico-contable dos corredores de seguros e as sociedades de corredoría de seguros.

A Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, derogou a anterior Lei 9/1992, do 30 de abril, de mediación en seguros privados, en desenvolvemento da cal a Administración do Estado publicou o Real decreto 301/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os libros-rexistro e o deber de información estatístico-contable dos corredores de seguros e as sociedades de corredoría de seguros, recollendo na súa disposición derradeira primeira que teñen a consideración de bases da ordenación dos seguros os artigos 1, 2, o punto 2º do artigo 3 e a disposición transitoria única.

A entrada en vigor da Lei 26/2006 supuxo, entre outras, a aparición de novas figuras da mediación de seguros, de novos requisitos de inscrición destes mediadores no rexistro administrativo e dar cobertura legal, a través do correspondente desenvolvemento regulamentario, á obrigatoriedade de presentación por medios telemáticos da documentación que estes profesionais están obrigados a subministrar ao seu órgano de control.

Co obxecto de recoller os cambios introducidos pola Lei 26/2006, publicouse o Decreto 298/2008, do 18 de decembro, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mediación de seguros e reaseguros privados, que derogou o anterior Decreto 118/2001.

Na disposición derradeira primeira do mencionado Decreto 298/2008, facúltase a/o conselleira/o competente en materia de economía para regular a información que deban remitir á dirección xeral con com-

petencias en materia de supervisión de seguros as/os mediadoras/es de seguros e reaseguros inscritos no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste sentido, esta norma substitúe a Orde do 17 de xuño de 2005, modificando os modelos contidos no seu anexo para adaptalos aos cambios introducidos pola Lei 26/2006, así como ampliando esta obriga ás/aos corredoras/es de reaseguros e ás/aos axentes de seguros vinculados e operadores de banca-seguros vinculados de acordo cos artigos 21, 25, 48 e 49 da citada lei. Por outra parte, posibilita a remisión desta información por medios telemáticos do mesmo xeito que fai o Ministerio de Economía e Facenda a través da Orde EHA/1805/2007, do 28 de maio.

Por todo o anterior, de acordo coa habilitación de desenvolvemento establecida na disposición derradeira primeira do mencionado Decreto 298/2008,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-*Libros-rexistro.*

As/os corredoras/es de seguros e reaseguros inscritos no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos na Comunidade Autónoma de Galicia, creado polo Decreto 298/2008, do 18 de decembro, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mediación de seguros e reaseguros privados, deberán levar os libros-rexistro, conforme o establecido no Real decreto 301/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os libros-rexistro e o deber de información estatístico-contable dos corredores de seguros e as sociedades de corredoría de seguros.

##### Artigo 2º.-*Obrigas contables e de información das/os corredoras/es de seguros e reaseguros.*

As/os corredoras/es de seguros e reaseguros inscritos no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos na Comunidade Autónoma de Galicia estarán, así mesmo, sometidos ás obrigas contables e de información establecidas no citado Real decreto 301/2004, e deberán remitir esta información á dirección xeral con competencias en materia de supervisión de seguros mediante os modelos contidos no anexo I desta orde.

##### Artigo 3º.-*Obrigas de información das/os axentes de seguros vinculados e dos operadores de banca-seguros vinculados.*

De conformidade co establecido no artigo 48 da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, e en consonancia cos artigos 21 e 25 da citada lei, as/os axentes de seguros vinculados e os operadores de banca-seguros vinculados, inscritos no Rexistro administrativo especial

de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos na Comunidade Autónoma de Galicia, deberán remitir á dirección xeral con competencias en materia de supervisión de seguros a información contida no anexo II desta orde.

*Artigo 4º.-Órgano competente.*

As referencias que no Real decreto 301/2004 se fan ao Ministerio de Economía e Facenda e á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións entenderanse feitas á consellería competente en materia de economía e á dirección xeral con competencias en materia de supervisión de seguros, para as/os mediadoras/es de seguros e reaseguros inscritos no rexistro autonómico.

*Artigo 5º.-Presentación da documentación.*

A remisión á dirección xeral con competencias en materia de supervisión de seguros da información contida nos anexos desta orde, deberá facerse por medios telemáticos e como data límite o 31 de xullo do ano seguinte a aquel ao que se refire a información.

Os requisitos técnicos para o acceso e utilización da remisión telemática, xunto coas instrucións para cubrir os diferentes modelos, serán publicados pola citada dirección xeral a través da páxina web da consellería competente en materia de economía.

*Disposicións transitorias*

*Primeira.-Remisión da documentación estatístico-contable polas/os corredoras/es de seguros e reaseguros.*

Con efectos unicamente para a documentación estatístico-contable referida ao exercicio 2008, a remisión da información contida no anexo I desta orde deberá levarse a cabo mediante unha das seguintes opcións:

- a) Por medios telemáticos ata o 31 de xullo de 2009.
- b) Mediante papel impreso ata o 31 de maio de 2009.

*Segunda.-Remisión da información polas/os axentes de seguros vinculados e os operadores de banca-seguros vinculados.*

Con efectos unicamente para a información referida ao exercicio 2008, a remisión desta información contida no anexo II desta orde poderá levarse a cabo mediante papel impreso.

*Disposición derogatoria*

Queda derogada a Orde do 17 de xuño de 2005 sobre os libros-rexistro e o deber de información estatístico-contable dos corredores de seguros e as sociedades de corredoría de seguros.

*Disposicións derradeiras*

*Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento da orde.*

Facúltase o director xeral con competencias en materia de supervisión de seguros para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde e, en particular, para realizar as modificacións que resulten necesarias nos modelos que compoñen a documentación anual que figuran nos anexos desta orde.

*Segunda.-Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2009.

José Ramón Fernández Antonio  
Conselleiro de Economía e Facenda

*ANEXO I*

**Documentación estatístico-contable anual das/os corredoras/es de seguros e reaseguros**

Modelos que compoñen a documentación estatístico-contable anual:

Modelo 0/PF: declaración das/os corredoras/es de seguros e reaseguros, persoas físicas.

Modelo 0/PX: declaración da/o representante legal dos corredores de seguros e reaseguros, persoas xurídicas.

Modelo 1: estrutura da organización.

Modelo 2: carteira de seguros intermediada.

Modelo 3: distribución en ramos de non vida.

Modelo 4: distribución en ramos de vida.

Modelo 5: datos contables.

*ANEXO II*

**Documentación anual das/os axentes de seguros vinculados e os operadores de banca-seguros vinculados**

Modelos que compoñen a documentación anual:

Modelo 0/AF: declaración das/os axentes de seguros vinculados, persoas físicas.

Modelo 0/AX: declaración da/o representante legal dos axentes de seguros vinculados, persoas xurídicas e operadores de banca-seguros vinculados.

Modelo 1/AV: estrutura da organización.

**Modelo 0/PP**  
Exercicio ....

DECLARACIÓN DAS/OS CORREDORES DE SEGUROS E REASEGUROS, PERSOAS FÍSICAS

NOME:	
CLAVE DE INSCRICIÓN:	NIF:
ENDEREZO:	CÓDIGO POSTAL:
POBOACIÓN:	PROVINCIA:
TELÉFONO:	FAX:
CORREO ELECTRÓNICO:	DOMINIO INTERNET:
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	
POBOACIÓN:	PROVINCIA:
	CÓDIGO POSTAL:

DECLARO: que os datos que figuran nestes modelos de información estatístico-contable son certos e recollen fielmente a situación da miña actividade de corredor/a de seguros/reaseguros.

■ Que nesta data teño suscrito e ao día de pagamento o seguro de responsabilidade civil, ou outra garantía financeira, exixidos no artigo 27.1º, letra e) da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, coas seguintes características:

- \* Entidade: .....
- \* Número de póliza: .....
- \* Garantía: .....€
- \* Franquía: .....€
- \* Data de efecto do ..... de ..... de ..... ata o ..... de ..... de .....

E remito copia do recibo de estar ao día no pagamento da póliza ou xustificante da súa vixencia.

■ En canto á capacidade financeira a que se refire o artigo 27.1º, letra f) da Lei 26/2006: *(Marcar o que proceda)*

- Non estou obrigada/o a dispoñer de capacidade financeira.
- Acreditado a capacidade financeira mediante a contratación dun aval coas seguintes características:

- \* Entidade: .....
- \* Importe: .....€
- \* Número de xustificante do seu depósito na Caixa Xeral de Depósitos: .....

Acreditado a capacidade financeira mediante a contratación dun seguro de caución, coas seguintes características:

- \* Entidade: .....
- \* Importe: .....€
- \* Número de póliza: .....

E remito copia do recibo de estar ao día no pagamento da póliza ou xustificante da súa vixencia.

Por todo o anterior, formulo esta declaración

En ..... de ..... de .....

Asdb:

Modelo 0/PP

**Modelo 0/PX**  
Exercicio ....

DECLARACIÓN DA/DO REPRESENTANTE LEGAL DOS CORREDORES DE SEGUROS E REASEGUROS, PERSOAS XURÍDICAS

DENOMINACIÓN SOCIAL:	
CLAVE DE INSCRICIÓN:	CIF:
ENDEREZO:	
POBOACIÓN:	PROVINCIA:
TELÉFONO:	FAX:
CORREO ELECTRÓNICO:	DOMINIO DE INTERNET:
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	
POBOACIÓN:	PROVINCIA:
	CÓDIGO POSTAL:

D/Dª ..... de ....., actuando en representación desta entidade, en calidade de .....

DECLARO: que os datos que figuran nos presentes modelos de información estatístico-contable dos corredores de seguros e reaseguros, persoas xurídicas, son certos e recollen fielmente a situación da entidade á que represento.

■ Que o capital social da entidade é de ..... € dividido en ..... de ..... €; subscritas polas/os seguintes socias/os:

Nome e apelidos/denominación	DNI/CIF	% participación	Data de alta

■ Que as persoas que exercen como administradores da entidade son:

Nome e apelidos/denominación	DNI/CIF	Cargo	Data de nomeamento

■ Que as persoas que exercen a dirección técnica así como as que integran o órgano de dirección responsable da mediación son:

Nome e apelidos	DNI	Cargo	Data de nomeamento

Paxina 1-Modelo 0/PX

Modelo 1  
Exercicio, .....

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRIPCIÓN:
--------------------	--------------------

ESTRUTURA DA ORGANIZACIÓN

MEDIOS PERSOAIS E FORMACIÓN CONTINUA	Nº	Nivel			Horas	Medios	
		1	2	3		4	Propios
Personal							
Órgano de dirección							
Empregadas/os que participan directamente na mediación							
Empregadas/os que non participan directamente na mediación							
Auxiliares externos							
Outro personal							
TOTAL							

ENDEZEZO DA SEDE PRINCIPAL E SUCURSAIS

Oficinas	Enderezo	Localidade	Provincia
Domicilio social			
Oficina principal			
Sucursal 1			
Sucursal 2			
Sucursal 3			

OUTROS DATOS DA SEDE PRINCIPAL E SUCURSAIS

Oficinas	Réxime	Empregadas/os		Volume total de primas intermedias
		Que participan directamente na mediación	Que non participan directamente na mediación	
Domicilio social				
Oficina principal				
Sucursal 1				
Sucursal 2				
Sucursal 3				
TOTAL				

■ Que nesta data a entidade ten subscrito e ao día de pagamento o seguro de responsabilidade civil ou outra garantía financeira, exixidos no artigo 27.1º, letra e), da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, coas seguintes características:

- \* Entidade: .....
- \* Número de póliza: .....€
- \* Garantía: .....€
- \* Franquía: .....€
- \* Data de efecto do ..... de ..... de ..... ata o ..... de ..... de .....

E remito copia do recibo de estar ao día no pagamento da póliza ou xustificante da súa vixencia

■ En canto á capacidade financeira a que se refire o artigo 27.1º, letra f), da Lei 26/2006: *(Marcar o que proceda)*

- A entidade non está obrigada a dispoñer de capacidade financeira.
- Acreditado á capacidade financeira mediante a contratación dun aval coas seguintes características:  
\* Entidade: .....€  
\* Importe: .....€  
\* Número de xustificante do seu depósito na Caixa Xeral de Depósitos: .....

- Acreditado á capacidade financeira mediante a contratación dun seguro de caución, coas seguintes características:  
\* Entidade: .....€  
\* Importe: .....€  
\* Número de póliza: .....

E remito copia do recibo de estar ao día no pagamento da póliza ou xustificante da súa vixencia.

Por todo o anterior, formulo esta declaración

En ..... de ..... de ..... de .....

Asdo.: AO REPRESENTANTE LEGAL



Modelo 4  
Exercicio.....

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRIPCIÓN:
--------------------	--------------------

CARTEIRA DE SEGUROS INTERMEDIADA

DISTRIBUCIÓN DA CARTEIRA DE SEGUROS INTERMEDIADA EN RAMOS DE VIDA

	VOLUME TOTAL DE NEGOCIO			
	Primas intermediadas (€)	% primas	Comisións xeradas (€)	Honorarios profesionais (€)
INDIVIDUAL				
COLECTIVO				
TOTAL				

	NOVA PRODUCCIÓN			
	Primas intermediadas (€)	% primas	Comisións xeradas (€)	Honorarios profesionais (€)
INDIVIDUAL				
COLECTIVO				
TOTAL				

Modelo 4

Modelo 5  
Exercicio.....

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRIPCIÓN:
--------------------	--------------------

DATOS CONTABLES

1. INVESTIMENTO/VALOR ENGADIDO

CONCEPTOS	€
Valor engadido ao custo dos factores	
Investimento bruto en bens materiais	

2. INGRESOS DA ACTIVIDADE DE MEDIACIÓN DE SEGUROS/REASEGUROS

CONCEPTOS	€
Comisións percibidas das entidades aseguradoras/reaseguradoras	
Comisións percibidas doutros corredores, persoas físicas ou xurídicas	
Honorarios profesionais	
Ingresos financeiros	
Total euros	

3. GASTOS DA ACTIVIDADE DE MEDIACIÓN DE SEGUROS/REASEGUROS

CONCEPTOS	€
Custos de persoal en metálico ou en especie	
Comisións aboadas a auxiliares externos	
Comisións aboadas a outros corredores, persoas físicas ou xurídicas	
Outros gastos en bens e servizos	
Total euros	

4. CONTA DE PERDAS E GANANCIAS: ACTIVIDADE DE MEDIACIÓN DE SEGUROS/REASEGUROS

TOTAL INGRESOS	€
TOTAL GASTOS	€
INGRESOS-GASTOS	€

5. CONTA DE PERDAS E GANANCIAS: OUTRAS ACTIVIDADES

TOTAL INGRESOS	€
TOTAL GASTOS	€
INGRESOS-GASTOS	€

Modelo 5



■ Que de conformidade co artigo 21.3º, letra b), da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados: *(Marcar o que proceda)*

Acreditado que as entidades aseguradoras con que a entidade ten suscrito contrato de axencia de seguros asuman a responsabilidade civil profesional derivada da actuación como axencia de seguros vinculada, persoa xurídica/operador de banca-seguros vinculado.

Nesta data a entidade ten suscrita e ao día de pagamento o seguro de responsabilidade civil, ou outra garantía financeira, coas seguintes características:

- \* Entidade: .....
- \* Número de póliza: .....€
- \* Garantía: .....€
- \* Franquía: .....€
- \* Data de efecto do ..... de ..... ata o ..... de .....

E remito copia do recibo de estar ao día no pagamento da póliza ou xustificante da súa vixencia

■ En canto á capacidade financeira a que se refire o artigo 21.1º, letra g), da Lei 26/2006: *(Marcar o que proceda)*

A entidade non está obrigada a dispoñer de capacidade financeira.

Acreditado a capacidade financeira mediante a contratación dun aval coas seguintes características:

- \* Entidade: .....
- \* Importe: .....€
- \* Número de xustificante do seu depósito na Caixa Xeral de Depósitos: .....

Acreditado a capacidade financeira mediante a contratación dun seguro de caución, coas seguintes características:

- \* Entidade: .....
- \* Importe: .....€
- \* Número de póliza: .....

E remito copia do recibo de estar ao día no pagamento da póliza ou xustificante da súa vixencia.

■ Que a entidade mantén suscrito contrato de axente de seguros vinculado coas seguintes compañías:

Clave entidade	Entidade aseguradora	Primas cobradas
	TOTAL	

Importe capacidade financeira

Por todo o anterior, formulo esta declaración  
En.....de.....de.....de.....

Asdo.: A/O REPRESENTANTE LEGAL

*Modelo 0/AX*  
Exercicio.....

DECLARACIÓN DAVDO REPRESENTANTE LEGAL DOS AXENTES DE SEGUROS VINCULADOS, PERSOAS XURÍDICAS E OPERADORES DE BANCA-SEGUROS VINCULADOS

DENOMINACIÓN SOCIAL:	
CLAVE DE INSCRIPCIÓN:	CIF:
ENDEREZO:	
POBOACIÓN:	PROVINCIA:
TELÉFONO:	FAX:
CORREO ELECTRÓNICO:	DOMINIO DA INTERNET:
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	
POBOACIÓN:	PROVINCIA:
	CÓDIGO POSTAL:

D/Dª ..... de ....., actuando en representación desta entidade, en calidade de .....

DECLARO: que os datos que figuran nestes modelos de información dos axentes de seguros vinculados, persoas xurídicas e operadores de banca-seguros vinculados, son certos e recollen fielmente a situación da entidade á que represento.

■ Que o capital é de .....€ dividido en .....de .....€, subscriptas polas/os seguintes socios/os:

Nome e apelidos/denominación	DNI/CIF	% participación	Data de alta

■ Que as persoas que exercen como administradores da sociedade son:

Nome e apelidos/denominación	DNI/CIF	Cargo	Data de nomeamento

■ Que as persoas que exercen a dirección técnica así como as que integran o órgano de dirección responsable da mediación son:

Nome e apelidos	DNI	Cargo	Data de nomeamento

Modelo I/AV  
Eercicio.....

NOME/DENOMINACIÓN:		CLAVE INSCRICIÓN:										
ESTRUTURADA ORGANIZACIÓN												
MEDIOS PERSOAIS E FORMACIÓN CONTINUA												
Personal	Nº	Nivel				Horas	Medios		TOTAL			
		1	2	3	4		Propios	Alloos				
Órgano de dirección												
Empregados/os que participan directamente na mediación												
Empregados/os que non participan directamente na mediación												
Auxiliares externos												
Outro personal												
TOTAL												

ENDEREZO DA SEDE PRINCIPAL E SUCURSAIS

Oficinas	Enderezo	Localidade	Provincia
Domicilio social			
Oficina principal			
Sucursal 1			
Sucursal 2			
Sucursal 3			

OUTROS DATOS DA SEDE PRINCIPAL E SUCURSAIS

Oficinas	Réxime	Empregados/os	
		Que participan directamente na mediación	Que non participan directamente na mediación
Domicilio social			
Oficina principal			
Sucursal 1			
Sucursal 2			
Sucursal 3			
TOTAL			

Modelo I/AV

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

*Corrección de erros.-Orde do 19 de xaneiro de 2009 pola que se regula o procedemento de adxudicación de estadias nas residencias de tempo libre dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o ano 2009.*

Advertido erro na Orde do 19 de xaneiro de 2009, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 23, do 3 de febreiro de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 2.276, no artigo 9º. Adxudicación de estadias, no punto primeiro, onde di: «No antedito sorteo teranse en conta todas aquelas solicitudes presentadas dentro do prazo establecido, tanto as remitidas directamente ás residencias de tempo libre coma as presentadas ao abeiro do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común», debe dicir: «No antedito sorteo teranse en conta todas aquelas solicitudes presentadas dentro do prazo establecido».

*Orde do 3 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas de apoio a familias monoparentais e se procede á súa convocatoria.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos de familia, infancia e mocidade, séndolle atribuídas competencias neste sector á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a través do Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Pola súa banda, o artigo 4º da antedita lei configura os servizos sociais como un sistema integrado de protección social, orientado á prestación programada de atencións e servizos que posibiliten a mellora na calidade de vida e a participación de persoas ou grupos, especialmente daqueles que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva, así como a prevención e eliminación das causas que estean na orixe daquelas situacións